

Área: Competicións**Circular nº 00 - Temp. 21/22**

NOVIDADES COMPETICIÓN TEMPADA 21/22 (Asemblea Xeral Ordinaria 10 xullo 2021)

Infórmase a todos os estamentos de que dende a primeira xornada da tempada 21/22 entrarán en vigor os seguintes trocos acordados na Asemblea Xeral Ordinaria de 2021.

- **ARTIGO 19 C (NOREBAGA)**

ENCONTROS ORGANIZADOS POLA FEDERACIÓN GALEGA

Todos os encontros correspondentes á última xornada de cada Fase de calquera Campionato Territorial que se celebre polo sistema de liga deberanse xogar seguindo os seguintes cadros horarios:

<u>CATEGORÍA</u>	<u>DÍA</u>	<u>HORA</u>
1ª Autonómica Masculina	Sábado	18,30 h.
2ª Autonómica Masculina	Sábado	18,30 h.
1ª Autonómica Feminina	Domingo	12,00 h.
2ª Autonómica Feminina	Domingo	12,00 h.
Xuvenil Masculina	Domingo	18,30 h.
Xuvenil Feminina	Domingo	16,30 h.
Cadete Masculina	Domingo	18,30 h.
Cadete Feminina	Domingo	16,30 h.
Infantil Masculina	Domingo	12,00 h.
Infantil Feminina	Domingo	10:30 h.

- **ARTIGO 19 (NOREBAGA)**

H) En tódolos encontros de categoría de 1ª Autonómica Masculina e Feminina o club locatario deberán dispoñer dun ordenador con datos e conexión a internet como mínimo media hora antes do inicio do partido co fin de que o equipo arbitral poda realizar a correspondente acta dixital.

- **ARTIGO 28 B (NOREBAGA)**

O máximo de licenzas de “Oficial de Equipo” que pode tramitar un club para cada un dos seus equipos será de seis (6).

- **ARTIGO 30 (NOREBAGA)**

Eliminación do Auxiliar de Equipo no apartado A)

- **ARTIGO 33 (NOREBAGA)**

Modificación do cadro de posibilidades acta partido:

OFICIAL	LICENZA A PRESENTAR	AUSENCIA TITULAR (LICENZA AUTORIZADA) (2)
<i>ADESTRADOR</i>	Adestrador Titular do equipo participante	Un Adestrador dun equipo do mesmo Club (1)
AXUDANTE ADESTRADOR	Axudante de Adestrador Titular do equipo participante	Un Axudante de Adestrador dun Equipo do mesmo Club ou un Adestrador dun equipo do mesmo Club (1)
DELEGADO EQUIPO	Oficial de Equipo	Oficial de equipo do mesmo Club. Adestrador ou Axudante de Adestrador (nas categorías xuvenil, cadete, infantil, alevín)
DELEGADO CAMPO	Oficial de Equipo	Oficial de equipo do mesmo Club.

- **ARTIGO 37 (NOREBAGA)**

-EQUIPOS XUVENÍS-CADETES-INFANTÍS

B) EQUIPOS XUVENÍS MASCULINOS

Dos dezaioito (18) xogadores, seis (6) prazas poderán reservarse para xogadores en idade cadete de primeiro ou segundo ano indistintamente que pertencen a un equipo do mesmo club. En calquera caso, estes xogadores non serán nominativos, podéndose aliñar en cada encontro un máximo de xogadores cadetes según o seguinte cadro:

Nº Licenzas Tramitadas	Convocatoria Partido
Ata 12 licenzas xuvenís	10 xuvenís + 6 cadetes
Ata 13 licenzas xuvenís	11 xuvenís + 5 cadetes
Ata 14 licenzas xuvenís	12 xuvenís + 4 cadetes
Ata 15 licenzas xuvenís	12 xuvenís + 4 cadetes
Ata 16 licenzas xuvenís	12 xuvenís + 4 cadetes
Ata 17 licenzas xuvenís	12 xuvenís + 4 cadetes
Ata 18 licenzas xuvenís	12 xuvenís + 4 cadetes

Para que estes xogadores cadetes poidan ser aliñados, deberán ser autorizados previamente pola Federación Galega de Balonmán, mediante a presentación da autorización dos pais ou titores para xogar en categoría superior á que por idade lles corresponde.

Os xogadores cadetes autorizados non perderán o dereito de participar na súa competición de orixe, podendo ser aliñados na mesma xornada e data na súa categoría cadete e cun equipo de categoría xuvenil do mesmo club.

C) EQUIPOS CADETE MASCULINOS (o texto é igual que en xuvenil modificando a categoría)

Nº Licenzas Tramitadas	Convocatoria Partido
Ata 12 licenzas cadete	10 cadetes + 6 infantís
Ata 13 licenzas cadete	11 cadetes + 5 infantís
Ata 14 licenzas cadete	12 cadetes + 4 infantís
Ata 15 licenzas cadete	12 cadetes + 4 infantís
Ata 16 licenzas cadete	12 cadetes + 4 infantís
Ata 17 licenzas cadete	12 cadetes + 4 infantís
Ata 18 licenzas cadete	12 cadetes + 4 infantís

D) EQUIPOS INFANTÍS MASCULINOS (o texto é igual que en xuvenil modificando a categoría)

Nº Licenzas Tramitadas	Convocatoria Partido
Ata 12 licenzas infantís	10 infantís + 6 alevín
Ata 13 licenzas infantís	11 infantís + 5 alevín
Ata 14 licenzas infantís	12 infantís + 4 alevín
Ata 15 licenzas infantís	12 infantís + 4 alevín
Ata 16 licenzas infantís	12 infantís + 4 alevín
Ata 17 licenzas infantís	12 infantís + 4 alevín
Ata 18 licenzas infantís	12 infantís + 4 alevín

H) EQUIPOS XUVENÍS FEMININOS

Das dezaioito (18) xogadoras, seis (6) prazas poderán reservarse para xogadoras en idade cadete de primeiro ou segundo ano indistintamente que pertencen a un equipo do mesmo club. En calquera caso, estas xogadoras non serán nominativas, podéndose aliñar en cada encontro un máximo de xogadoras según o seguinte cadro:

Nº Licenzas Tramitadas	Convocatoria Partido
Ata 12 licenzas xuvenís	10 xuvenís + 6 cadetes
Ata 13 licenzas xuvenís	11 xuvenís + 5 cadetes
Ata 14 licenzas xuvenís	12 xuvenís + 4 cadetes
Ata 15 licenzas xuvenís	12 xuvenís + 4 cadetes
Ata 16 licenzas xuvenís	12 xuvenís + 4 cadetes
Ata 17 licenzas xuvenís	12 xuvenís + 4 cadetes
Ata 18 licenzas xuvenís	12 xuvenís + 4 cadetes

Para que estas xogadoras cadetes poidan ser aliñadas, deberán ser autorizadas previamente pola Federación Galega de Balonmán, mediante a presentación da autorización dos pais ou titores para poder xogar en categoría superior á que por idade lle corresponde.

As xogadoras cadetes autorizadas non perderán o dereito de participar na súa competición de orixe, podendo ser aliñadas na mesma xornada e data na súa categoría cadete e cun equipo de categoría xuvenil do mesmo club.

I) EQUIPOS CADETES FEMININOS (o texto é igual que en xuvenil modificando a categoría)

Nº Licenzas Tramitadas	Convocatoria Partido
Ata 12 licenzas cadetes	10 cadetes + 6 infantís
Ata 13 licenzas cadetes	11 cadetes + 5 infantís
Ata 14 licenzas cadetes	12 cadetes + 4 infantís
Ata 15 licenzas cadetes	12 cadetes + 4 infantís
Ata 16 licenzas cadetes	12 cadetes + 4 infantís
Ata 17 licenzas cadetes	12 cadetes + 4 infantís
Ata 18 licenzas cadetes	12 cadetes + 4 infantís

J) EQUIPOS INFANTÍS FEMININOS (o texto é igual que en xuvenil modificando a categoría)

Nº Licenzas Tramitadas	Convocatoria Partido
Ata 12 licenzas infantís	10 infantís + 6 alevín
Ata 13 licenzas infantís	11 infantís + 5 alevín
Ata 14 licenzas infantís	12 infantís + 4 alevín
Ata 15 licenzas infantís	12 infantís + 4 alevín
Ata 16 licenzas infantís	12 infantís + 4 alevín
Ata 17 licenzas infantís	12 infantís + 4 alevín
Ata 18 licenzas infantís	12 infantís + 4 alevín

- **ARTIGO 42 (NOREBAGA)**
TARIFAS ARBITRAIS TEMPADA 2021/22

CATEGORÍA	DOBRE	SINXELO
1ª División Autonómica Masculina	63,50 €/árbitro	89 €
1ª División Autonómica Feminina	40,00 €/árbitro	55 €
2ª División Autonómica Masculina	29,50 €/árbitro	41 €
2ª División Autonómica Feminina	29,50 €/árbitro	41 €
Xuvenil Masculina	21,50 €/árbitro	26,50 €
Xuvenil Feminina	21,50 €/árbitro	26,50 €
Cadete	16 €/árbitro	18 €
Infantil	14 €/árbitro	16 €
Alevín (7 Xogadores)	12 €/árbitro	14 €
Minibalonmán (Alevín, Benxamín)		8 €
Delegado Federativo	30€/ Xornada	
Arbitraxe veteranos e veteranas	50 €/ Xornada	

FONDO ARBITRAL

CATEGORÍA	FONDO ARBITRAL MODIFICADO
1ª División Autonómica Masculina	Douscentos trinta e tres (233,00) euros
1ª División Autonómica Feminina	Cento corenta e cinco (145,00) euros
2ª División Autonómica Masculina	Cento corenta e cinco (145,00) euros
2ª División Autonómica Feminina	Cento vinte (120,00) euros
División de Honra Xuvenil Masculino	Cen (100,00) euros
Xuvenil Feminino	Oitenta (80,00) euros
2ª División Xuvenil Masculina	Cen (100,00) euros
División de Honra Cadete Masculino e Feminino	Vinte cinco (25,00) euros
2ª División Cadete Masculino e Feminino	Vinte cinco (25,00) euros
Infantil Masculino e Feminino	Vinte (20,00) euros (Segunda competición)

DEREITOS ANOTADOR/CRONOMETRADOR

CATEGORÍA	TARIFAS	TOTAL
División de Honra Masculina	2x 42 euros	84 euros
División de Honra Prata Masculina	2x 34 euros	68 euros
División de Honra Prata Feminina	2x34 euros	68 euros
División de Honra Prata Feminina Primeira	2X34 euros	68 euros
División Estatal Masculina Primeira División	2x27 euros	54 euros
División Estatal Feminina.	2x17 euros	34 euros
2ª División Masc. (Fase Estatal)	2x17 euros	34 euros
1ª División Autonómica Masc.e Fem.	2x17 euros / sinxelo 20 euros	34 euros / 20 euros
2ª División Autonómica Masc.e Fem.	2x17 euros / sinxelo 20 euros	34 euros / 20 euros
Xuvenil Masc. e Fem.	2x15 euros (sinxelo 16 euros)	30 euros / 16 euros
Cadete Masc e Fem.	2x12 euros (Sinxelo 14 euros)	24 euros / 14 euros
Infantil Masc e Fem.	2x10 euros (Sinxelo 11 euros)	20 euros / 11 euros

- **TARIFAS ARBITRAIS ENCONTROS AMIGABLES**

Para os encontros amigables que se disputen dentro do período de pretempada (do 15 de xullo ao 15 de setembro 2021) , o club solicitante tan só deberá aboar os custes de desprazamento do equipo arbitral.

Para o resto de encontros amigables as tarifas serán as seguintes:

TARIFAS ARBITRAIS		
CATEGORIA	DOBRE 21-22	SINXELO
D.H MASCULINA / FEM	70€	---
PLATA MASCULINA / FEM	55€	---
1ª DIVISIÓN NACIONAL MASC	45€	---
1ª AUTONÓMICA FEM /MASC	35€	45€
2ª MASCULINA / FEM	25€	35€
XUVENIL MASC / FEM	20€	27€
CADETE MASC / FEM	12€	14€
INFANTIL MASC / FEM	10€	12€
ALEVIN 7	8€	10€
MINIBALONMÁN	8€	---

TARIFAS ANOTADORES/AS – CRONOMETRADORES/AS		
CATEGORIA	DOBRE 21-22	SINXELO
D.H MASCULINA / FEM	25€	---
PLATA MASCULINA / FEM	17€	---
1ª NAC. MASC / FEM	17€	---
1ª AUTONÓMICA FEM /MASC	14€	16€
2ª MASCULINA / FEM	10€	12€
XUVENIL MASC / FEM	8€	10€
CADETE MASC / FEM	8€	10€
INFANTIL MASC / FEM	8€	10€
ALEVIN 7	---	---
MINIBALONMÁN	---	---

IMPORTANTE: Quedan excluídos destas tarifas os encontros de competición oficial: Copa Galicia, Play Off, Liga, ...

- **ARTIGO 43 (NOEBAGA)**
DEREITOS DE PARTICIPACIÓN

a) Cadro de tarifas, taxas e cotas Para a tempada 2021/2022 establécense as seguintes contías económicas en concepto de dereitos de participación:

<i>Primeira División Autónoma Masculina</i>	<i>538,00 euros</i>
<i>Primeira División Autónoma Feminina</i>	<i>538,00 euros</i>
<i>Segunda División Autónoma Masculina</i>	<i>336,00 euros</i>
<i>Segunda División Autónoma Feminina</i>	<i>336,00 euros</i>
<i>Terceira División Autónoma Masculina</i>	<i>250,00 euros</i>
<i>Xuvenil</i>	<i>112,00 euros</i>
<i>Cadete</i>	<i>72,00 euros</i>
<i>Infantil</i>	<i>54,00 euros</i>
<i>Alevín 7</i>	<i>36,00 euros</i>
<i>Alevín 5</i>	<i>24,00 euros</i>
<i>Benxamín</i>	<i>24,00 euros</i>
<i>Resto</i>	<i>Gratuítas</i>

b) Forma de Pago:

No caso de categoría sénior e xuvenil o pago dos Dereitos de Participación realizarase nos dez primeiros días do mes de Decembro da tempada en curso, mediante transferencia na conta de ABANCA ES14 2080 5140 95 3040024005.

No resto das categorías o pago farase no momento da inscrición do equipo na competición, de non ser así non se contabilizarán á hora de realizar os calendarios.

A retirada dun equipo da competición fora dos prazos establecidos, en ningún caso exime do pago dos dereitos de participación.

- **ARTIGO 53 A) (NOREBAGA)**

A) EQUIPO DE CATEGORÍA BASE ADSCRITO AO CLUB

Todos os equipos participantes **na primeira categoría das** Competicións Territoriais Sénior Masculinas e Sénior Femininas teñen a obriga ineludible de ter, coma mínimo, un equipo federado de Categoría Infantil, Cadete ou Xuvenil participando durante toda a tempada en **Competicións Oficiais** organizadas pola Federación Galega de Balonmán e de acordo coa normativa e regulamentos vixentes.

En calquera caso, deberán ser da mesma condición, é dicir, masculina para os sénior masculinos, e femininos para os sénior femininos.

Aos efectos anteriores non se contabilizarán os equipos pertencentes aos clubs filiais.

Os clubs creados dentro dos 3 anos anteriores ó ano da competición Territoriais Sénior Masculinas ou Sénior Femininas (clubs de recente creación) teñen a obrigación ineludible de ter, como mínimo durante toda a tempada en Competicións Oficiais organizadas pola Federación Galega de Balonmán e de acordo coa normativa e regulamentos vixentes:

- Durante os dous primeiros anos de creación un equipo benxamín, alevín, infantil, cadete ou xuvenil (infantil, cadete e xuvenil deben ser da mesma condición que o equipo sénior).
- No terceiro ano dende a creación, calquera destas combinacións (con cumprir unha é suficiente):
 - Un equipo alevín e un benxamín
 - Un equipo Infantil (mesmo sexo que sénior)
 - Un equipo cadete (mesmo sexo que sénior)
 - Un equipo xuvenil (mesmo sexo que sénior)

O non cumprimento conlevaría a retirada de 6 puntos e unha sanción de seiscentos (600) euros. A retirada dos 6 puntos realizaríase ao finalizar a fase previa á Final Four, ou no caso de non celebrarse Final Four, antes da disputa da fase que da dereito a loitar pola Fase de Ascenso a categoría Nacional.



En Vigo a 30 de xullo de 2021